



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

PROXECTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE PAIOSACO, A LARACHA.

EXPTE: 2026/X999/000370



**PROXECTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BAR-CAFETERÍA DO CENTRO
SOCIOCULTURAL DE PAIOSACO, A LARACHA. EXPTE:**



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

INDICE

I. Obxecto do proxecto

II. Descrición e cualificación do ben

III. Equipamento e mobiliario do local

IV. Actividade a desenvolver. Usos e actividades permitidos

V. Títulos habilitantes, permisos e seguros

VI. Medidas sanitarias.

VII. Valoración do ben

VIII. Canon a abonar

IX. Horarios permitidos

X. Tarifas máximas

I. Obxecto do proxecto

O obxecto deste proxecto é a definición das características técnicas e funcionais do ben de dominio público obxecto da concesión demanial: o local destinado a bar-cafetería situado na planta baixa do centro sociocultural de Paiosaco, na rúa Porta Santa, 12, A Laracha, cuxo uso será autorizado de forma privativa e excluínente ao adxudicatario da concesión para a explotación da actividade conforme ao destino do ben previsto neste documento.

II. Descrición e cualificación do ben

O edificio do centro sociocultural de Paiosaco que alberga o bar-cafetería, é un inmovible de



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

titularidade municipal -ben de dominio público- ubicado na parcela municipal con referencia catastral nº 6090321NH3869S0000AX. Xuntase plano de situación e certificación catastral descriptiva e gráfica do inmoible:





VICIPRESIDENCIA
PRIMERA DEL GOBIERNO

MINISTERIO
DE HACIENDA

SECRETARÍA DE ESTADO
DE HACIENDA

DIRECCIÓN GENERAL
DEL CATASTRO

CERTIFICACIÓN CATASTRAL DESCRIPTIVA Y GRÁFICA

Referencia catastral: 6090321NH3869S0000AX

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Localización: RU CAMILO JOSE CELA 15145 A LARACHA [A CORUÑA]

Clase: Urbano

Uso principal: Sanidad, Benefic

Superfície construída: 602 m²

Año construcción: 2017

Valor catastral: [2025]

320.412,02 €

Valor catastral suelo:

20.054,81 €

Valor catastral construcción:

300.357,21 €

Titularidad:

Apellidos Nombre / Razón social
AYUNTAMIENTO DE A LARACHA

NIF/NIE
P1504200E

Derecho
100,00% de

propiedad

Domicilio
- LARACHA

15145 A LAR

SN LARACHA A-STA MARIA TORAS
LA [A CORUÑA]

Construcción

Esc./Plta./Prta.	Destino
1/00/A	CULTURAL


Superficie m²
602

Esc./Plta./Prta. Destino

Superficie m²**PARCELA CATASTRAL**

Superficie gráfica: 1.485 m²

Parcela construida sin división horizontal



Este certificado refleja los datos incorporados a la Base de Datos del Catastro. Solo podrá utilizarse para el ejercicio de las competencias del solicitante.

Solicitante: AYUNTAMIENTO DE A LARACHA -A CORUÑA-

Finalidad: EXPEDIENTE DE CONCESION CAFETERIA CENTRO SOCIOCULTURAL DE PAISACO

Fecha de emisión: 07/11/2023

Documento firmado con CSV y sello de la Dirección General del Catastro
CSV: EBDZ64F4D3SDQ886 (verificable en <https://www.se.dgacatastro.gob.es>) | Fecha de firma: 07/11/2025





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O edificio municipal do centro sociocultural, moderno e funcional como pode apreciarse nas fotografías, foi construído en 2007 e en posto en funcionamento a partir do ano 2011. O centro ten dúas portas pola que se accede ao local, unha que da directamente ao exterior na fachada principal do edificio e outra porta interior que da acceso directo ao centro.



O bar-cafetaría obxecto da concesión demanial está situado na planta baixa do edificio onde se prestará atención ao cliente e ten unha superficie total de 100 m² distribuídos entre:

- zona de barra e mesas
- cociña

Tamén ubicado na mesma planta do edificio ten un pequeno almacén compartido.

Poderase utilizar os aseos máis próximos ás instalacións do bar na planta baixa, pero non forma parte do local do bar-cafetaría, nin tampouco as entradas existentes da cafetaría.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña


Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es



III. Equipamento e mobiliario do local

O equipamento e mobiliario existente no local, propiedade do Concello da Laracha e que se poñerá a disposición do concesionario, é o seguinte:

- 1 Máquina rexistradora
- 1 Máquina lavalouza
- 1 Muíño de café
- 1 Cafeteira
- 1 Neveira
- 14 Mesas
- 55 Cadeiras
- 4 Cadeiras na barra
- TV
- Reloxo



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Colgador
- Paraugueiro
- 1 Placa de indución
- 1 Campana extractora
- 1 Termo eléctrico para subministro de auga quente.

O concesionario poderá ampliar o equipamento existente á súa costa, e terá o obriga de reparar e repoñer o mobiliario unha vez finalizada a súa vida útil. O Concello non se fará cargo de ningunha reparación nin reposición de mobiliario durante a duración da concesión.

IV. Actividade a desenvolver. Usos e actividades permitidos

A actividade desenvolver consiste na explotación a risco e ventura do concesionario do bar-cafetaría situado na planta baixa do centro sociocultural.

O concesionario poderá utilizar exclusivamente o local do edificio antes mencionado co único fin de ofrecer o servizo de bar-cafetaría ao público. Poderá proporcionar o equipamento e as instalacións necesarios para o funcionamento como bar-cafetaría, e realizará a limpeza xeral do local, da maquinaria e das instalacións do bar-cafetaría.

Non poderá construír ningunha instalación ou edificación permanente ou temporal dentro do local nin na zona exterior, nin colocar ningún tipo de sinalización ou publicidade, sen a previa autorización do Concello. Non se permite a instalación de máquinas de xogo, máquinas de apostas nin nada de natureza violenta, bélica ou sexista.

O concesionario será responsable do correcto uso e mantemento das instalacións municipais, maquinaria, equipamentos e demais materiais empregados no desempeño da actividade.

Na realización da actividade, o adxudicatario deberá cumprir en todo momento as instrucións, directrices e observacións do Alcalde ou, se é o caso, do funcionario municipal responsable da concesión.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**V. Títulos habilitantes, permisos e seguros**

O concesionario debe obter todos os títulos habilitantes ou permisos necesarios para o funcionamento da actividade, así como darse de alta na matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas que lle corresponda.

Tamén deberá dispoñer dun certificado de manipulador de alimentos con carácter previo ao comezo da prestación do servizo e presentar o orixinal para a súa constancia no expediente.

Así mesmo, en cumprimento do disposto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, os locais e establecementos deberán dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil as persoas titulares de establecementos abertos ao público ou organizadoras de espectáculos públicos e actividades recreativas, segundo o caso, que deberá cubrir a responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente, ás persoas titulares dos establecementos abertos ao público ou ás persoas organizadoras dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas, de tal maneira que cubra os danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, sempre que os ditos danos e perdas sexan producidos como consecuencia da xestión e explotación do establecemento ou da realización do espectáculo público ou da actividade recreativa, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

A falta do citado seguro poderá supoñer a resolución da concesión demanial sen dereito a indemnización, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder segundo a normativa específica.

VI. Medidas sanitarias

No exercicio da actividade deberán observarse en todo momento as condicións de hixiene establecidas pola lexislación vixente, principalmente o Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a preparación, distribución e venda de comidas preparadas, e o Regulamento (CE) n° 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios. Ademais, o

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

concesionario deberá cumprir as normas sanitarias establecidas na Lei 28/2005, do 26 de decembro, sobre medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministración, consumo e publicidade de produtos do tabaco.

VII. Valoración do ben

Segundo se desprende da certificación catastral, a valoración catastral da construción do edificio ascende a 300.357,21 euros para unha superficie construída de 602 m², polo que para a superficie obxecto da concesión -local da planta baixa de de 100 m²- aplicando unha proporción en función do valor do ben, pódese concluír que o obxecto da concesión, a efectos de determinar o órgano municipal competente para a súa adxudicación, ten un valor de 50.060 euros.

VIII. Canon a abonar

O Concello achega o mobiliario mínimo para funcionamento da actividade e asumirá os custos de electricidade e auga do local (valorados nuns 1.200 euros con IVE incluído) que forma parte do conxunto do edificio.

De conformidade co establecido no art. 93.4 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, e art. 39.5 da Lei 5/2011 do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, “As concesións de uso privativo ou aprobe chamiento especial do dominio público poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou condición ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal. Non estarán suxeitos a taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leve aparellada unha utilidade económica para o concesionario, ou, aínda existindo esta utilidade, a utilización ou aproveitamento entrañe condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela. Nos casos previstos no parágrafo anterior, farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou clausulado da concesión”.

Tendo en conta o anterior, así como a documentación preparatoria do expediente, e considerando que da mesma se deriva que o aproveitamento da instalación pode facer irrelevante a utilidade

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

económica que se deriva da explotación para o concesionario, establécese un canon mínimo que haberá de satisfacer o adxudicatario de 1.200 € anuais -valor equivalente ao importe dos subministros de electricidade e auga-, debendo abonarse no momento da formalización do contrato, e anualmente nos exercicios sucesivos.

Este canon constitúe o tipo mínimo de licitación que poderá ser mellorado ao alza polos licitadores, o que se valorará para os efectos da determinación da mellor oferta.

De conformidade co establecido no artigo 9 do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, e o artigo 103 LCSP 2017, que regulan os requisitos para que proceda a revisión de prezos nos contratos do sector público, a este contrato de concesión non lle resultará aplicable a citada revisión.

A concesión executarase a risco e ventura do concesionario, sen que poida esixir ao Concello por ningunha circunstancia que este asuma total ou parcialmente o eventual déficit nos resultados da actividade.

IX. Horarios permitidos

O adxudicatario está obrigado a cumprir o horario de apertura e peche legalmente establecido do local obxecto da concesión, que, de acordo co disposto na Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e as horas de inicio e fin dos espectáculos públicos e actividades recreativas na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o horario máximo de apertura será a partir das 6:00 horas, e o horario de peche do bar/cafetaría fíxase ás 2:30 horas. Os venres, sábados e vésperas de festivos, poderá pechar media hora máis tarde.

O horario de peche establécese como a data límite para servir bebidas ou alimentos para o seu consumo na barra, nas terrazas ou nas zonas exteriores adxacentes ao establecemento, debendo quedar o local completamente desaloxado e limpo nun prazo máximo de media hora despois dese horario límite.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

X. Tarifas máximas

As tarifas de venda ao público máximas autorizadas polo concello son as seguintes:

BEBIDAS

- Auga: 1,40 €
- Refrescos: 2,20 €
- Café: 1,40 €
- Zumos: 2,20 €

COMIDA

- Snacks: 1,00 €
- Repostería: 1,50 €
- Comida en xeral como tapas, etc.: 2,00 €

Asinado dixitalmente pola enxeñeira técnica municipal, Marta Caamaño Tuset.